UN EMPATE MOI TRABALLADO.

Os goles subiron o marcador na primeira metade. Na segunda os dous equipos loitaron pola vitoria, ninguen se conformaba co empate. Finalmente xusto reparto de puntos.

O Ramo, 5 de marzo de 2011.

ALINIACIÓNS:
BARALLOBRE "B": Rubén, Borja, Ramón, Diego, Raúl, Agustín, Alberto e Anxo.

NUMANCIA: Nando, Raúl, Piñeiro, Alexis, Antonio, Pablo, Antón, Adrián, Anido, Adri García e Alex Feal.

GOLES: Alex Feal.

ARBITRO: D. José M. Santos Mato (Delegación de Ferrol)

Vixésimo primeira xornada da liga alevín local de fútbol – 7 onde o Numancia obtivo un agridoce e valioso empate ante o 3º clasificado no campo de O Ramo, en Barallobre.

Nun sábado soleado e con temperatura primaveral, xogaban as 12:00 no campo de O Ramo en Barallobre o 3º e o 4º clasificado do grupo II da Liga alevín. Prevíase un emocionante e disputado partido, e non nos equivocamos, ainda que ambos equipos contaban con algunhas baixas.

Comezou o partido cuns 10 primeiros minutos onde o conxunto local era o dono do encontro. Moito empuxe e xogo ofensivo por parte do Barallobre, propiciaban algunha que outra ocasión para ós verdes. Tanto foi o cántaro á fonte que unha sucesión de erros nas filas numantinas desembocaría no 1 - 0 para o equipo local, ós 10 minutos. Tocaba remontar, coller o timón do encontro. Así o fixo ó Numancia, no ultimo treito da primeira metade dominou o encontro, impuxo o seu xogo e tivo ocasións para empatar. Nunha delas, Antón traballa no medio do campo e pasa ó balon a Alex Feal que coa sua velocidade e precisión bate o porteiro visitante. Chegaba o xusto premio do empate para ó Numancia antes do descanso.

Na segunda metade, o partido estivo moi aberto. Ningún dos dous equipos conformábase co empate. O Barallobre arriscaba moito na sua busca do gol. O Numancia tiña orde defensiva, e aproveitaba os roubos de balón no medio do campo para enlazar rápidas xogadas de ataque. Nesta segunda metade, os porteiros estiveron mais acertados que os dianteiros, polo que non houbo goles. Houbo emoción, tensión, xogadas polémicas reclamadas por ambos bandos.... pero o marcador non se moveu. Chegouse o final do encontro cun xusto resultado de 1 - 1, xa

que os dous equipos esforzáronse e mereceron cando menos un punto, xa que non poideron gañar os dous.

En definitiva, intenso partido de alevíns o vivido este sábado no campo de O Ramo. O Numancia, cunha mestura de xogadores de segundo e primeiro ano, deu a cara ante un equipo veterán e con moita forza como o Barallobre “B”. Bo esforzo dos nosos xogadores, que amosan que con entrega, sacrificio e gañas de facer ás cousas ben poden plantar cara a calqueira equipo alevín que se lle poña por diante. Falta, quizais, saber gañar estos partidos. Pero recordemos, que a gañar e a competir se aprende tamén cando sexan mais maiores, agora o verdadeiramente importante e a formación educativa, disciplinaria e futbolística dos nenos, así como a participación dos mesmos. Hoxe quedounos o típico sabor de cando se quere algo mais pero... hai que valorar e conformarse co feito, que non é pouco. E sobretodo, hai que seguir adestrando e mellorando día a día.

Agora temos unhas merecidas vacacións de Entroido, no que espero que todos vos disfracedes e o pasedes o mellor posible. Os nenos, seguro que así o farán.
Voltaremos ós adestramentos ó próximo xoves 10 de marzo ás 17:20 nas instalacións de Prados Vellos, co obxetivo de seguir mellorando e preparar o partido do próximo sábado as 11:00 da mañá ante o CD Cariño en Ares.

Polo tanto, quedades todos citados para o próximo sábado as 11:00 da mañá en Prados Vellos para animar o Numancia alevín.

¡¡¡Vémonos en Prados Vellos¡¡¡

¡¡¡FELIZ CARNAVAL¡¡¡